



Ilmo Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)

## **CONCELLO DE CAMBADOS**

### **Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizo de saneamento e coeficiente de vertedura.**

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de saneamento, o padrón das taxas polos servizos de saneamento e coeficiente de verteduras, correspondente ao 1º semestre de 2016, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ourense, número 8, Cambados, en horario de 9:00 a 13:30 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra estes actos os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 13:30 horas, de luns a venres.



Ilmo Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 30 de setembro de 2.016, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Cambados, 9 de agosto de 2016

Concelleiro Delegado de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica.



Xurxo Charlín Trigo